

DISCURSO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARLAMENTO DE GALICIA: ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2021

Bos días a todos e a todas,

Señorías, é un pracer volver de novo, por segundo ano consecutivo, como Presidente da Deputación de Lugo a esta Casa, á que tiven a honra de pertencer durante varios anos, concretamente, algo máis de 6 anos, unha etapa da que gardo un grato recordo.

Comparezo hoxe nesta Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia, para presentar os presupostos da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 como un acto de normalidade democrática e institucional. Como ex parlamentario que son, penso que é bo que os responsables políticos demos conta do que facemos ao Parlamento de Galicia, que é a sede onde radica a vontade do pobo galego.

Resulta especialmente importante que a Administración local, que algúns tentan situar nun plano secundario –mesmo de subordinación– faga escoitar a súa voz nesta Casa, que é a casa de todos e todas. Sobre todo nun ano no que é imposible separar as contas públicas da necesidade de loitar contra o impacto da pandemia na xente e na economía de Galicia.

Os orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 ascenden a 92,5 M€. Isto supón un 1% máis con respecto a este ano 2020, grazas ao aumento nun 3% da participación nos tributos do estado. En tempos de incerteza e de tantos cambios, os Orzamentos da Deputación de Lugo ofrecen estabilidade, ofrecen rigor e ofrecen confianza, tanto aos concellos, como ao tecido económico e aos veciños e veciñas da provincia.

Sobre todo por dúas razóns: en primeiro lugar porque os aprobamos no Pleno do pasado luns, polo que contaremos dende principios de ano con este instrumento inversor fundamental para a nosa provincia e, en segundo lugar, lugar, son tamén uns Orzamentos que ofrecen estabilidade, rigor e confianza polas políticas deseñadas e as medidas concretas que o Goberno da Deputación recolle neste Orzamento.

Unha medida importante, aínda que sexa simbólica, igual que están tomando outras administracións pero que, baixo o meu modo de ver, resulta necesaria nos tempos que



vivimos, é a conxelación dos soldos dos membros da Corporación provincial no ano 2021 para que a xente vexa que o Goberno da Deputación está para servir por encima de calquera beneficio de tipo persoal. Xa sei que é só un xesto, pero un xesto que os responsables políticos debemos facer, por responsabilidade e por sensibilidade con tanta xente que o está a pasar mal.

Os Orzamentos da Deputación de Lugo están pegados á realidade social e a realidade económica do noso territorio. Con estes presupostos, na Deputación de Lugo seguiremos traballando, da man dos Concellos e do tecido produtivo, para aumentar e mellorar os servizos públicos e favorecer a recuperación da economía diante dos efectos da pandemia. Para conseguilo, nos Orzamentos do ano 2021 reforzamos as nosas grandes liñas de traballo: as políticas sociais e de emprego, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos, e a mellora da mobilidade.

A chegada da pandemia demostrou, de novo, que necesitamos non só manter, senón reforzar o sector público: os servizos públicos universais, gratuítos e de calidade para todos e para todas. Na economía, cando as cousas van mal, cando o mercado deixa de ser a panacea, todo o mundo volve a mirar cara o sector público para rescatarnos a todos e que ninguén quede atrás. O Goberno da Deputación de Lugo defende o público, con palabras e con feitos, que demostramos na xestión do día a día.

A nosa aposta polo público quedou refrendada, unha vez máis, este pasado luns, cando aprobamos no Pleno os Presupostos da Deputación para o ano 2021, e tamén, a extinción da Sociedade Urbanística Provincial (SUPLUSA). Polo tanto, afortunadamente, acabáronse os chiringuitos na Deputación Provincial de Lugo. Comeza unha nova etapa. Unha etapa que consolida a normalidade e a tranquilidade institucional da Deputación, e que fará a esta Administración máis eficaz e máis útil para a cidadanía.

O noso compromiso co público vese claramente tamén nos Orzamentos do ano 2021. Dedicamos un terzo do presuposto a Políticas Sociais: 30M€ para Benestar, Igualdade, Emprego, Cultura, Deportes, Xuventude, Memoria Histórica e Educación, entre outros.

En Políticas Sociais seguimos asumindo moitas competencias impropias. Facémolo, porque a Xunta de Galicia non cubre as necesidades da nosa provincia, e porque estamos convencidos de que, só así, garantimos a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, sobre todo daquelas persoas con máis risco de exclusión.

No ano 2021 seguiremos ampliando a nosa Rede de Centros Públicos de Atención ás Persoas Maiores. O Orzamento contempla 8M€ para residencias, que se suman aos 14M€ que temos xa mobilizados para centros que se están construíndo ou que están comprometidos cos Concellos.



A previsión é dobrar o vindeiro ano o número de residencias abertas, pasando de 4 a 8. Ás de Ribadeo, Trabada, A Fonsagrada e Pol, que están funcionando a día de hoxe, sumaranse as de Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Navia de Suarna. Polo tanto, duplicaremos as prazas asistenciais ata chegar ás 400 persoas atendidas e duplicaremos os postos de traballo, chegando aos 200 empregos directos, aos que hai que sumar os indirectos.

A nosa Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores crea emprego sostible, dinamiza a economía e, por riba de todo, garante o benestar e a tranquilidade dos usuarios e das súas familias.

Para conseguilo, aplicamos un modelo de xestión público, de calidade, con atención personalizada, e que mantén o arraigo dos maiores no seu entorno, que crea emprego no rural, que beneficia o consumo de produtos de proximidade para facilitar unha alimentación de calidade e, ao mesmo tempo, axudar á economía local.

Este modelo de residencias da Deputación Provincial de Lugo é un modelo centrado nas persoas, non centrado no negocio. En cada residencia, hai de media 30 usuarios e 25 traballadores, polo que a ratio supón, practicamente, un traballador por cada usuario. Moi por riba dos estándares marcados polas autoridades autonómicas.

O noso modelo público de xestión das residencias viuse revalidado dende a chegada da pandemia. A día de hoxe, todos os nosos centros están libres de Covid. Quizá exista unha factor de sorte, pero creo que sobre todo é debido ao bo traballo que realizan o persoal e a que os nosos protocolos son máis esixentes que os establecidos por normativa.

Aínda que a Xunta de Galicia anunciou que estudiaría un novo modelo de residencias; hai só uns días, o Presidente Feijóo dicía nunha entrevista que a incidencia da COVID non dependía do modelo, que non dependía de se o centro era público ou privado.

Pois sinto estar en desacordo co señor Feijóo, porque eu creo que a realidade dinos outra cousa totalmente distinta: o modelo é a clave para garantir o benestar e a seguridade das persoas maiores nas residencias, independentemente de que sempre pode haber algún caso, pero o que está claro é que, para poder obter beneficios económicos as empresas encargadas da xestión, estes recursos que van a beneficios van en detrimento da calidade na atención ás persoas maiores.

Para nós, é urxente que a Xunta de Galicia revise e implante outro modelo asistencial. Neste traballo, podémoslle botar unha man. A experiencia demostra que somos un bo

espello no que mirarse.

Así que, pónome a disposición do Presidente da Xunta para explicarlle e para mostrarlle como funcionan as nosas residencias. Téndolle a man para colaborar, polo ben dos nosos maiores e polo ben das súas familias. Logo, que non digan que non hai colaboración institucional. Eu ofrézolla, alá el se a rexeita.

O certo é que o noso modelo está xerando xa interese, dentro e fóra de Galicia. Recentemente, eu mesmo participei para explicar este modelo na Semana Europea das Rexións, o maior evento de política rexional da Unión Europea.

Ademais dunha partida importante para manter e ampliar a nosa Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores, no apartado de Políticas Sociais tamén facemos un importante esforzo en emprego. Grazas á captación de fondos europeos, no ano 2021 duplicamos os recursos para o mantemento e a creación de emprego. Mobilizamos 9M€, que dedicaremos a axudas para a contratación, para axudas ao emprendemento e para plans de formación e de dixitalización de pemes e autónomos.

Eu teño un lema: a Deputación de Lugo é o Concello dos concellos. A Cooperación cos 67 concellos da provincia é unha política transversal do Goberno da Deputación, que seguimos aplicando no ano 2021 dende a transparencia e sen partidismos. O noso principal instrumento de cooperación é, o Plan Único. Un Plan que está dotado con 11M€ no Orzamento, e que aumentará ata os 21,3M€ coa incorporación de remanentes.

Como no caso dos centros de maiores, gustaríanos que a Xunta de Galicia tomase nota e fixera, por fin, un reparto dos seus fondos con criterios públicos e obxectivos, como facemos na Deputación de Lugo co Plan Único. Isto melloraría a calidade democrática, pero tamén redundaría na cohesión social e no equilibrio territorial que tanto necesita a nosa provincia e toda Galicia.

Como firme defensor do municipalismo quero recalcar, unha vez máis, que as administracións locais somos as institucións máis pegadas ó día a día dos nosos veciños e veciñas. Somos a administración á que primeiro chaman os cidadáns cando teñen un problema. Por suposto, tamén nesta crise sanitaria pasou o mesmo.

A resposta dos concellos e das Deputacións para a protección da cidadanía e o apoio á economía foi, unha resposta áxil e eficaz, a pesar de todas as dificultades. E digo a pesar de todo porque non tivemos, nin temos, o apoio da Xunta de Galicia para loitar contra a pandemia. Todo o contrario.

A despreocupación foi tan grande que o señor Presidente da Xunta non chamou, nin se

reuniu unha sola vez, cos Presidentes das Deputacións ou cos Concellos para compartir información e traballar conxuntamente.

A Xunta non conta cos concellos, nin conta coas Deputacións. Non practica a cogobernanza que esixe ao Goberno do Estado e que, por certo, o Goberno de España, si que practica a cogobernanza coas Comunidades Autónomas, pero en Galicia non se reproduce o modelo que se practica en España. O Goberno galego non dá datos reais, nin datos claros aos concellos sobre a incidencia da COVID-19 de xeito ordinario, e só dá datos cando politicamente se sente acorralado.

Iso si, cárgalles máis competencias impropias aos Concellos, pero sen aportar nin un só euro extra para loitar contra a pandemia. É máis, desconvocou axudas ordinarias, que xa tiña convocado.

Ademais, a Xunta quere enchufarlle aos Concellos os expedientes sancionadores, cando a Abogacía do Estado informou de que iso é competencia das Comunidades Autónomas e podo dicirlles que o Concello de Monforte xa plantexou un conflito de competencias porque xa está ben de aguantar.

Unha evidencia patente de que a Xunta de Galicia está de costas aos Concellos é que nos Orzamentos para o ano 2021 nos recortan as transferencias aos Concellos nun 6,4%: unha auténtica barbaridade.

En concreto, as aportacións do Fondo de Cooperación Local para os Concellos baixan 4,5M€. Polo tanto, os Concellos teremos 4,5M€ menos que este ano, cando as necesidades debido á pandemia son máis que nunca, pero a Xunta dedícase a recortar como se iso fose a solución.

Recortan as aportacións aos Concellos cando aumenta o total dos Orzamentos da Xunta; cando a Xunta recibe máis de 1.100M€ do Estado e cando a débeda pública vai subir o próximo ano en máis de 600M€, situando a débeda pública de Galicia en niveis históricos, como se a débeda pública non houbera que pagala entre todos. E isto, señores e señoras deputados, señorías, é un imposto encuberto que temos que pagar. E todo iso non repercute positivamente nos Concellos.

A Xunta non deu axudas a ningún sector económico. A Xunta só ofreceu préstamos. Préstamos que hai que devolver. Agora fala de axudas de entre 2.000 e 7.000€ á hostalería, pero a realidade é que, se dividimos os fondos que destina a estas axudas entre o número de establecementos que hai en Galicia, a calculadora dinos que tocan a pouco máis de 500€. E como se pode comprobar, señorías, a diferenza é abismal.

Mentres a Xunta non aporta nada, outras administracións locais demos axudas directas con fondos propios, axudas a fondo perdido, a varios sectores económicos no

momento máis difícil do Estado de Alarma, sen que tiveran que devolvelas, como contrapunto ao que ofrecía a Xunta.

Sen ir máis lonxe. Na Deputación de Lugo, con 125 veces menos orzamento ca Xunta, activamos no Plan Único 2020 unha nova liña de axudas de 10,4M€ para que os concellos puideran implantar medidas económicas e sociais de loita contra a pandemia e, ademais, adiantámoslles tamén 44M€ para darlles liquidez durante 8 meses consecutivos e iso permitiu que ningún concello da provincia de Lugo tivese problemas de tesourería.

Nos nosos Orzamentos, a Deputación si apoia aos Concellos e si apoia aos sectores produtivos. En tanto que pegados á realidade da nosa provincia, cos Orzamentos do ano 2021 reforzamos o apoio aos sectores estratéxicos, como son o sector primario e o sector comercial e turístico.

As partidas para o sector agrogandeiro, forestal e do mar, suben un 13%, ata os 2,3M€. Por certo, a Xunta de Galicia aporta no ano 2021 para este sector na provincia de Lugo 150.000€ que, si me permiten e co debido respecto, é unha cantidade excepcionalmente ridícula. O noso obxectivo é diversificar a produción, a competitividade e xerar valor engadido, en colaboración co tecido produtivo e coa Universidade.

En canto aos fondos para turismo aumentan un 10% ata os 3M€. Co fin de apoiar a un dos sectores peor parados nesta crise, creamos dous novos programas específicos para fomentar o turismo interior e a promoción dos produtos de proximidade. Por suposto, seguimos apostando pola proxección nacional e internacional a través do Xacobeo 2021; apoiando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, que tivo os seus inicios da man da Deputación de Lugo, e tamén a Reserva da Biosfera, xunto con outras accións que fomentan o interese do exterior na nosa provincia.

Accións como a recente entrada na Ruta Transrománica do Consello de Europa, coa que a Deputación de Lugo situou ao Románico da provincia no máis alto nivel de visibilidade e de recoñecemento en Europa.

Mellorar as comunicacións da provincia é, para nós, unha prioridade, e así o volvemos a demostrar nos Orzamentos do ano 2021. Subimos nun 14% os fondos para a mellora e a conservación de estradas, ata os 16M€. Trátase dun esforzo moi importante, tendo en conta que a Deputación de Lugo ten a rede de estradas máis extensa de todo o estado español, e tres veces máis que a da Xunta de Galicia en Lugo.

Defendemos a mobilidade como un dereito básico dos veciños e veciñas da provincia.



Creemos que unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural porque axuda a fixar poboación e a chegar os servizos. Ademais, en tempos de crise, a obra pública pode e debe actuar como un motor que incentive a actividade económica e que axude a manter ou crear emprego.

Estas son as principais liñas de acción dos Orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2021. Uns Orzamentos que responden á realidade provocada pola pandemia centrados nas persoas e centrados na recuperación económica dende o sector público. Uns Orzamentos que ofrecen estabilidade, que ofrecen rigor e que ofrecen confianza tanto aos Concellos, como ao tecido produtivo, asociacións e aos veciños e veciñas da provincia de Lugo. Un Orzamento para saír desta crise xuntos, saír antes e saír máis fortes, cunha nova ilusión e cunha nova esperanza para o futuro.